

O QUE DEBES SABER SOBRE EMPREGO?

Definicións básicas según o Instituto Nacional de Estadística (INE):

Diferenzas entre emprego e traballo: O emprego é o traballo realizado en virtude dun contrato formal ou de feito, que pode ser individual ou colectivo, polo que se recibe unha remuneración ou salario. Fai referencia á poboación ocupada, é dicir, a poboación activa que traballa para obter un beneficio económico.

O traballo é un concepto máis amplo que o emprego, pois inclúe todas as actividades humanas que xeneran riqueza material e inmaterial. Ao falar de traballo, nos referimos a traballos de cuidados, voluntariado, e todas aquelas actividades que signifiquen un beneficio para a sociedade e o individuo.

Diferenzas entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e o Servizo Público de Empleo Estatal: En Galicia, aquelas persoas que procuran un emprego inscribíranse no Servizo Público de Emprego de Galicia (antigo Servizo Galego de Colocación). O organismo que facilita orientación laboral, formación e ofertas de emprego a galeg@s é este organismo. Sen embargo as prestacións contributivas e non contributivas son competencia estatal e por tanto os trámites dependerán do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE)

Activas: Son aquelas persoas de 16 ou máis anos que traballan ou están dispoñibles e en condicións de traballar. Se subdivíden en **ocupadas e paradas**.

Ocupadas: Son as persoas de 16 ou máis anos que **traballaron polo menos unha hora¹ a cambio dunha retribución** en diñeiro ou especie ou **quen tendo traballo estivo temporalmente ausente** do mesmo por enfermidade, vacacións, etcétera.

Os ocupados se subdivíden en traballadores por **conta propia** (empregadores, empresarios sen asalariados e traballadores independentes) e **asalariados** (públicos ou privados). Atendendo á duración da xornada os **ocupados clasifícanse en ocupados a tempo completo e a tempo parcial** (cunha xornada habitual semanal inferior a 35 horas).

Paradas: Son as persoas de 16 ou máis anos **sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego**. Considérase que unha **persoa busca emprego de forma activa** se:

- Estivo en contacto cunha **oficina pública de emprego** co fin de atopar traballo.
- Estivo en contacto cunha **oficina privada** (oficina **de emprego** temporal, empresa especializada en contratación, etc.) co fin de atopar traballo.
- Enviou unha **candidatura directamente** aos empregadores.

- **Indagou** a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, etc.
- **Anunciouse** ou respondeu a anuncios de xornais.
- Estudou ofertas de emprego.
- Participou nunha **proba, concurso ou entrevista**, no marco dun procedemento de contratación.
- Estivo **buscando terreos ou locais**.
- Realizou xestións para obter **permisos, licenzas** ou **recursos financeiros**.

Tamén se consideran parados ás **persoas que xa atoparon un traballo e están á espera de incorporarse a el**, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

Inactivas: Recibe esta consideración a poboación de 16 ou máis anos **non incluída nas categorías anteriores**, xa que **nin son parados nin ocupados**.

Exemplo de persoas inactivas son: persoas con responsabilidades familiares ou persoales, persoas coidando a nenos ou adultos incapacitados, persoas adicadas a formación ou estudo, xubilados,...

Desempregada de longa duración: Parados que levan doce meses como mínimo buscando emprego e non traballaron nese período, como porcentaxe da poboación activa total (ocupados máis desempregados) No caso de persoas mozas pódese considerar desemprego de longa duración a partir dos 6 meses.

Baixa intensidade laboral: Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar fixérono menos do 20% do seu potencial total de traballo.

Desemprego xuvenil: Existen diferenzas en relación ao que se considera desemprego xuvenil, xa que o límite de idade para considerarse poboación xuvenil atópase entre os 25, 30 e 35 anos. Seguindo criterios de Eurostat e INE corresponderíase co número de desempregados menores de 25 anos.

Salario Mínimo Interprofesional: É a contía mínima de retribución que deben percibir os traballadores por cada xornada de traballo (hora, día ou mes). Este valor é fixado cada ano polo Goberno, mediante a publicación dun Real Decreto. Para a determinación do mesmo téñense en conta factores como o IPC, a produtividade media nacional alcanzada ou o incremento da participación do traballo na renda nacional.

Para o ano 2016 o Ministerio de Emprego e Seguridade Social fixou o Salario Mínimo Interprofesional nos seguintes valores:

- Salario Mínimo diario: 21,84
- Salario Mínimo mensual: 764,40 (12 pagas) ou 655,20 (14 pagas)
- Salario Mínimo anual: 9172,80 (14 pagas)

Pobreza Laboral: Situación na que se atopan as persoas que, aínda tendo emprego, viven en fogares nos que os seus ingresos están por debaixo do 60% da mediana da renda do conxunto de fogares, cifra na que se establece o limiar de risco de pobreza.

Prestacións de desemprego do SEPE:

Prestación contributiva: Coloquialmente coñecida como “paro” é percibida cando se supera 360 días de cotización como traballador/a por conta allea.

Subsidio por desemprego: Son prestacións por desemprego que se perciben en caso de esgotamento da prestación contributiva, por non chegar a cotización mínima para o paro, por superar os 55 anos ou por continxencias sociais como son ser emigrante retornado, liberado de prisión ou ter mellorado dunha incapacidade permanente.

Axudas extraordinarias: Son axudas xestionadas a través do SEPE que non se consideran subsidio nin prestación contributiva. Cada unha ten a súa propia normativa independente. Actualmente existen 3 principais axudas extraordinarias:

- **Plan Prepara.** É unha axuda de carácter excepcional durante 6 meses para desempregados que esgotaran todas as prestacións e subsidios por desemprego
- **Renda Activa de Inserción (RAI).** Axuda para colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: parados de longa duración maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, emigrantes retornados, vítimas de violencia de xénero ou doméstica.
- **Programa de Activación para o Emprego (PAE).** É unha axuda de 426 euros durante seis meses para os parados de longa duración con responsabilidades familiares (cónxuxe ou fillos o seu cargo), que teñan esgotado Prepara ou RAI e leven ao menos 6 meses sen recibir ningunha axuda.

Programas/Recursos de emprego para desempregad@s:

Programa de Garantía Xuvenil: É unha iniciativa europea que pretende facilitar o acceso dos mozos de entre 16 e 30 anos ao mercado de traballo. A Recomendación sobre a Garantía Xuvenil establece que os mozos poidan recibir unha oferta de emprego, de educación ou formación tras finalizar os seus estudos ou quedar desempregados. Algunhas das actuacións que se realizarán neste programa son:

- **Mellora da intermediación:** Orientación laboral, información laboral e acompañamento, actuacións con axencias de colocación, etc.
- **Mellora da empregabilidade:** Programas formativos, programas de adquisición de experiencia e prácticas non laborais en empresas.
- **Estímulos á contratación:** Incentivos á contratación indefinida, á contratación temporal así como á transformación de contratos temporais en indefinidos compatibles coas bonificacións das cotizacións á Seguridade

Social para as empresas que contraten a mozos inscritos no sistema nacional de Garantía Xuvenil.

- **Fomento do emprendemento:** Entre as que se inclúen axudas para a creación do propio posto de traballo xa sexa de forma individual como traballadores ou traballadoras autónomas ou xa sexa de forma colectiva constituíndo cooperativas.

Programa Coopera: É un programa dirixido a entidades sen ánimo de lucro, a través do cal se financia o custo da contratación de persoas desempregadas, vítimas de violencia de xénero e menores de 30 anos prioritariamente, co fin de favorecer o seu acceso ao mercado laboral. A duración dos contratos é de entre 7 e 12 meses.

Formación AFD: Comprende todas as Accións Formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras Desempregadas.

Accións formativas con compromiso de contratación: Dirixidas a persoas desempregadas, e promovidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas: Subvencións por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria en axudas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, así como nas accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.

Programas integrados de emprego: Son programas promovidos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixidos tanto a entidades públicas como privadas sen ánimo de lucro. As beneficiarias serán persoas desempregadas ou perceptoras de RISGA. Este programas contarán, entre outras, coas seguintes actuacións:


- Información, orientación e asesoramento.
- Formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas.
- Técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- Fomento da capacidade emprendedora.
- Prospección empresarial.
- Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- Formación para ou emprego, distinta á prevista na letra b).
- Prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, de ser ou caso, co contido teórico práctico das accións formativas.
- Mobilidade laboral.
- Todas aquelas accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas demandantes de emprego.

COMO É A SITUACIÓN EN GALICIA?

CONCEPTO	Galicia	Ano Dato	Fonte/ Observacións	España	Enlaces para engadir
Poboación	2.720.668	2016	INE	46.438.422	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=9681&L=0
Taxa de actividade. %	53,83%	2016	EPA 3º TRIMESTRE	59,28%	http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4206
Taxa de ocupación. %	45,03%	2016	EPA 3º TRIMESTRE	48,07%	http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4206
Taxa de desemprego. %	16,35%	2016	EPA 3º TRIMESTRE	18,91%	http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4247
Persoas Desempregadas	206.700	2016	EPA 3º TRIMESTRE	4.320.800	http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4245
Nº personas inactivas	1.084.700,00	2016	EPA 3º TRIMESTRE	15.695.300,00	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4255&L=0
Taxa inactivos %	39,87%			33,80%	Fórmula
PERSOAS DESEMPREGADAS DE LONGA DURACIÓN	122.800	2016	EPA 3º TRIMESTRE	2.446.400	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4252&L=0
Taxa de DESEMPREGO XUVENIL (menores de 25 anos) %	38%	2016	EPA 3º TRIMESTRE	41,94%	http://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4247
Taxa de temporalidade (%)	27,4%	2016	EPA 3º TRIMESTRE	27%	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4241&L=0
Poboación vivindo en fogares con BAIXA INTENSIDADE LABORAL. %	13,8%	2015	INE.Enquisa Condicións de Vida	15,4%	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=10011&L=0
Poboación vivindo en fogares con BAIXA INTENSIDADE LABORAL. Persoas	375.452	2015	INE.Enquisa Condicións de Vida	7.151.517	http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=10011&L=0

Máis información e datos sobre pobreza, exclusión, desigualdade, protección social en: <http://eapn-galicia.com/que-facemos/incidencia-politica/elecciones-25s/>

COMO ESTÁ ESPAÑA EN COMPARACIÓN CON OUTROS PAÍSES DA UE?



Enlaces bibliografía:

www.ine.es/prensa/epa_prensa.htm

www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html

www.sepe.es/contenidos/personas/prestaciones/quiero_cobrar_paro/he_trabajado_mas_de_un_ano.html

www.sepe.es/contenidos/personas/prestaciones/pdf/hoja_informativa_subsidios.pdf

empleo.ceei.xunta.gal/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/programa_activacion_emplego.pdf

empleo.ceei.xunta.gal/portada-emplego

empleo.ceei.xunta.gal/axudas-e-subvencions

empleo.ceei.xunta.gal/programas-de-cooperacion

empleo.ceei.xunta.gal/accions-formativas-compromiso-contratacion-unidades-formativas-empresas

garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/es/

www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/accesoJovenes.html

www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151230/AnuncioG0424-281215-0003_gl.pdf

sede.sepe.gob.es/glosario/descripcion.do?id=869

Decálogo Propuestas Políticas Seminario de Participación Empleo Digno para Sociedades Inclusivas

Durante el Seminario de Participación Empleo digno para sociedades inclusivas celebrado en Valencia los días 23, 24 y 25 de junio se organizó un dinámica donde las delegaciones territoriales de personas con experiencia en pobreza podían crear partidos políticos y presentar tres propuestas por cada Mesa del Seminario. Se presentaron doce partidos y 36 propuestas por cada mesa, de las cuales se votaron las más prioritarias y representativas para los asistentes eligiéndose las diez propuestas mostradas a continuación:

Mesa I: Empleo, acceso y derechos

1. Elevar el Salario Mínimo Interprofesional hasta los 1.000 euros mensuales en 4 años.
2. Empleadas del Hogar con salarios dignos y los mismos derechos que el resto de trabajadores y trabajadoras (como por ejemplo el derecho a prestaciones por desempleo).
3. Reforma constitucional. Que convierta los derechos sociales, culturales y económicos en DERECHOS FUNDAMENTALES.

Mesa II: Experiencias de inserción laboral: empleo protegido, dispositivos de formación, empresas de inserción

4. Modificación de la ley de conciliación familiar, para mejorar las condiciones de conciliación entre vida profesional, familiar y personal.
5. Subvenciones a la contratación de personas con experiencia en el área o sector: Potenciar subvenciones para la contratación superior a un año y/o con contrato indefinido. Subvenciones a la contratación de personas sin experiencia para garantizar una primera experiencia laboral:

Contrataciones de entre 6 meses a un año (a jornada completa o media jornada, respectivamente). Se reservará un 25% de estas subvenciones para la contratación de personas en riesgo de pobreza o exclusión.

6. Mejora de la coordinación en la orientación socio-laboral del servicio público y las entidades sociales. Se buscará empleo adecuado a las capacidades de las personas.
7. MEJORAR EL SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL para que las personas desempleadas reciban ofertas de empleo personalizadas (que tengan en cuenta la formación de cada persona...).

Mesa III: Los sistemas de rentas no contributivas y el empleo

8. Garantizar que las personas que lo necesiten accedan a una Renta Mínima cuya cuantía tendrá que ajustarse al coste de vida y que alcance como mínimo el 100% del Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) para un único beneficiario y que actualmente se sitúa en 621, 26 euros al mes. Análisis de caso por caso para evitar posibles fraudes.
9. Bono social para necesidades básicas a los salarios mínimos (luz, agua y gas). REDUCIR LA BUROCRATIZACIÓN- Burocracia 3.0 para agilizar los trámites, reducir los tiempos.

JUVENTUD: MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL EN EUROPA (JovEU)

<http://www.participacionsocial.org/>

4º Encuentro Estatal de Diálogo Estructurado. PROPUESTAS DE EMPLEO

Colaboración de las entidades y la administración con empresas que favorezcan la contratación de jóvenes.

- Creación de bonificaciones para financiar la formación a trabajadores de la empresa para puestos de trabajo, antes y durante.
- Bonificaciones para empresas que contraten jóvenes.
- Limitar bonificaciones a quien paga salarios por encima del mínimo del sector. Lucha por salarios dignos y contra precariedad
- Conseguir la participación juvenil en el proceso.

Acompañamiento personalizado en los itinerarios de inserción socio laboral: menos ratio de personas por profesionales, evitar la deshumanización del proceso y aumento del número de profesionales

- Atención estable de profesionales, tiempo de calidad, menor burocracia, recordar que los trabajadores son personas y no expedientes.
- Dedicar presupuesto del Sistema de Garantía Juvenil a la orientación laboral, aumento de recursos para llevar a cabo una orientación personalizada real.
- Creación de un sistema de orientación laboral y servicios sociales conjunto, no separado.

- Mejor conexión y trabajo en red entre empresas y servicios de orientación a través de la creación de órganos de apoyo.
- Mayor concienciación de los fenómenos asociados a la exclusión social por parte de las personas que atienden a estos colectivos desde los organismos públicos.

Generar espacios de auto-ayuda y trabajo en equipo para jóvenes, como las “lanzaderas de empleo”, para que se puedan compartir experiencias y se generen sinergias y feedback entre ellos

- Impulsar lanzaderas de empleo, ver CCAA donde funciona mejor este modelo.
- Formación adaptada a necesidades laborales, salidas educativas, desde temas complejos a más básicos (hacer currículos).
- Que oficinas de empleo (solas o con ayuda ONG) convoquen a reuniones con empresarios.

Cumplir cuota de reserva de puestos de trabajo para personas con discapacidad, en empresa privada o pública. Que se tenga en cuenta no sólo a este colectivo sino a cualquier persona en riesgo de exclusión social

- Aumentar los recursos públicos que se encargan de velar por su cumplimiento.
- Conseguir que se denuncie a quien incumpla la normativa, además de tomar medidas como la triplicación de la cantidad económica de las multas en caso de incumplimiento.
- Sensibilizar y concienciar a la sociedad en general de la importancia y la necesidad de estas medidas, presionar e incidir desde el ámbito asociativo y desde los movimientos sociales.

Mayor concordancia entre la formación y el mercado laboral, presionar para que se forme en nuevos sectores y no tanto en aquellos que ya tienen un exceso de trabajadores/as

- Mejorar la calidad de la formación profesional, mayor inversión y planificación acorde con el mercado de trabajo existente o en desarrollo.
- Enfocar la inversión en nuevos sectores para mejorar nuestro modelo productivo
- (I+D+I, energías renovables, nuevas tecnologías, etc.)
- Mayor conexión con las empresas y el mercado de trabajo para el diseño de los contenidos de las formaciones.

Refuerzo y mayor frecuencia de las inspecciones de trabajo, sobre todo en sectores laborales de mayor riesgo, como la construcción

- Aumento del nº de inspectores y de recursos destinados al control del cumplimiento de la legalidad vigente, creación de algún tipo de sistema de denuncia anónima ante el incumplimiento de las leyes y derechos laborales.

Adecuar el acceso al Sistema de Garantía Juvenil a jóvenes con menos posibilidades: simplificar aplicación informática, no vincular el acceso únicamente a las nuevas tecnologías

- Eliminar ciertos criterios que no son realistas (poder compaginar con formación o empleos temporales, financiar pequeños gastos o formaciones como carnet de conducir)
- Adaptación de la difusión al público (por ejemplo en Twitter apenas tienen seguidores)
- Asegurar coordinación dentro del Ministerio (INEM y SGJ) y con CCAA: compartir bases de datos, máxima transparencia (jóvenes en sistema, acciones formación u orientación, contrataciones).

Reducir el período para darse de alta en el Sistema de Garantía Juvenil, adecuándolo a la realidad y a la actividad de los jóvenes en búsqueda de empleo

- Flexibilizar los requisitos para adaptarlo a la sociedad española y su elevadísimo índice de desempleo juvenil (por ejemplo ampliar a 15 días de trabajo o curso en lugar de sólo uno).
- Mayor personalización en la orientación y mejora del conocimiento del Plan de Garantía tanto en empresarios como en los propios jóvenes.
- Que se pueda compaginar con formación relacionada con el puesto de trabajo.

As persoas primeiro Somos persoas, non expedientes!

Manifesto do 17 de Outubro 2016
Día Internacional para a erradicación da pobreza

No **Día Internacional para a Erradicación da Pobreza**, queremos achegar a Valedora do Pobo, as forzas políticas do noso Parlamento e á sociedade galega en xeral **as voces e propostas dalgunhas das máis de 700.000 galegas e galegos que viven en risco de pobreza ou exclusión social**.

Porque o importante é a dignidade das persoas, comprobamos que a participación social e política funciona: En Compostela falamos dos nosos deberes como cidadanía e demandamos os nosos dereitos. E en Valencia falamos de como participar para ter un emprego digno.

Nas pasadas eleccións autonómicas e baixo o lema “As persoas primeiro”, as candidatas e candidatos, ademais de descubrir datos sobre a pobreza e exclusión en España e Galicia, tiveron ocasión de coñecer tres principios e tres “C” que resumen as nosas demandas para loitar con eficacia contra a pobreza:

- Loitar contra as **Causas** da pobreza. Asegurando a igualdade de dereitos
- para todas as persoas e a inclusión social activa lonxe do asistencialismo.
- **Compromiso** en orzamentos e planificación a medio e longo prazo.
- **Coordinación** política e técnica entre as administracións e coas
- organizacións especializadas.

“**Somos persoas, non expedientes**” dicía unha persoa no VII Encontro Galego de Participación, resumindo a necesidade urxente de que as políticas sociais antepoñan ás persoas ante a violencia administrativa da burocracia.

Facer así que as administracións, coordinadas e non cada unha polo seu lado xogando coa nosa dignidade, estean de verdade ao servizo das persoas, nestes tempos onde a precariedade laboral, falla de recursos, recortes nos servizos sociais básicos e carencia de vivendas dignas, seguen sendo problemas da vida cotiá de moitas das 700.000 galegas e galegos que seguen en risco de pobreza exclusión.

Somos cidadanía activa e como tal, defendemos os nosos dereitos e **propoñemos medidas** que cremos farán posible una sociedade máis xusta para todos e todas.

- **Igualdade de dereitos para todas as persoas:**
 - Unha RISGA decente, áxil e que prime ás persoas e non os papeis, que sexa compatible co emprego cando se solicita e cando se percibe.
 - Asegurar unha vivenda digna e unha sanidade universal que non exclúa a ninguén.

- **Unha educación realmente universal.** Cun Pacto pola educación que evite cambios de lei e de libros cada vez que cambia o goberno.
 - Que sexa gratuíta (con axudas para material e matricula) para iso propoñemos que os libros sexan como as mesas, material que pertenza ao centro educativo.
 - Axustar a educación á demanda laboral, ofrecendo formación de calidade.
 - Introducir unha materia de “educación pola democracia” para fomentar a participación política desde que somos pequenos.
- **Un emprego digno e decente para todas as persoas que viven aquí.**
 - Salarios iguais ante os mesmos postos.
 - Elevar o Salario Mínimo Interprofesionais ata os 1000 euros mensuais en catro anos.
 - Mellorar os Servizos públicos de emprego (danos igual se son estatais ou autonómicos) para que as persoas desempregadas, en especial as que teñen maiores dificultades de empregabilidade, atopen un emprego axeitado as súas capacidades.
 - Mellorar a coordinación na orientación socio-laboral coas entidades sociais.
 - Que as empregadas do fogar teñan os mesmos dereitos que o resto de traballadoras e traballadores.
- **Apoiar á infancia e mocidade.** Como colectivos mais afectados pola pobreza:
 - Que o Cheque Benvida beneficie a nenos e nenas en familias na pobreza.
 - Plan específico pero coordinado coa RISGA de apoio a familias onde as mulleres están ao cargo de varios fillos e fillas.
 - Reforma intensa do Sistema de Garantía Xuvenil.
 - Facilitar a volta da poboación xuvenil emigrada
- **Que as persoas podan saír de casa e realizar actividades** (eliminar barreiras arquitectónicas, facilitar a accesibilidade económica, maior visibilidade, participación e presenza na contorna comunitaria)
- **Que os partidos políticos estean obrigados a cumprir** o que poñen nos seus programas electorais. Comisións de vixilancia independentes para asegurar que se cumpre o prometido e que non se rouba diñeiro.
- **Fomentar que a participación política sexa para todas as persoas** (incluídas estranxeiros sen nacionalidade) revisando a normativa que regula o dereito ao voto dos e das non nacionais.
- **Unha reforma constitucional** sobre o que importa, que converta os dereitos sociais, culturais e económicos en DEREITOS FUNDAMENTAIS

As palabras non abundan. Cunha pobreza e desigualdade que crecen e ameazan con facerse crónicas e que non fan falsas distincións entre pobreza de aquí ou de alá, non nos conformamos coas boas intencións, promesas etéreas ou botarse a culpa entre administracións. Precisamos accións que muden dunha vez a realidade.

Somos positivas e seguiremos a loitar polo que queremos: unha sociedade libre de pobreza e exclusión.